

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

Os Equipos de Protección Individual (EPI) deberán utilizarse cando existan riscos para a seguridade ou saúde dos traballadores que non puidesen evitarse ou limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.

Os EPI proporcionarán unha protección eficaz fronte aos riscos que motivan o seu uso, sen supor por si mesmos ou ocasionar riscos adicionais nin molestias innecesarias.



NORMAS XERAIS DE UTILIZACIÓN DO EPI

- Asegurar que o EPI dispoñible, é adecuado fronte ao risco contra o cal protexe
- Usar obrigatoriamente o EPI para os traballos en que así se estableceu
- Colocar e axustar correctamente o EPI seguindo as instrucións recibidas
- Ter en conta as limitacións que presenta e utilízalo unicamente cando sexa adecuado, seguindo as instrucións do fabricante recollidas no manual de instrucións ou a documentación informativa facilitada polo fabricante dos EPI.
- Levalo posto mentres se estea exposto ao risco e nas zonas en que estea establecida a obrigatoriedade de uso.



Protección
obrigatoria da
vista



Protección
obrigatoria da
cabeza



Protección
obrigatoria do
oído



Protección
obrigatoria das
vías
respiratorias



Protección
obrigatoria dos
pés



Protección
obrigatoria das
mans



Protección
obrigatoria do
corpo



Protección
obrigatoria da
cara



Protección
individual
obrigatoria
contra caídas



Protección
obrigatoria para
peóns

- Controlar o seu correcto estado. A eficacia do EPI depende en gran medida do seu adecuado mantemento e limpeza ou desinfección. Por iso, o seu coidado deberá facerse seguindo as instrucións do fabricante. Colocar el EPI después de su utilización en el lugar previsto para ello.
- Informar de inmediato ao seu superior xerárquico directo de calquera defecto, anomalía ou dano apreciado no EPI que, ao seu xuízo, poida entrañar unha perda da súa eficacia protectora.